




CONCELLO
DE
MEAÑO
CP 36968
(PONTEVEDRA)



2 A

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, REFUGALLOS, VALADOS, PUNTAIS, ASNILLAS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS

Artigo 1º. Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, de 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da **Taxa pola ocupación de terreos de uso público municipal con mercadorías, materiais de construcción, refugallos, valados, puntais, asnillas, andamios e outras instalacíons análogas.**

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da Taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título da Taxa e outros análogos como guindastres para a construcción.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algúns dos supostos citados no artigo segundo.

Artigo 4º. Responsables


- Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.
- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.



CONCELLO DE MEAÑO

CP 36968

(PONTEVEDRA)



Artigo 5º. Cota tributaria

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6º. Beneficios fiscais

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º. Percepción

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír:


- Nos servicios de retribución puntual, no momento de presenta-la solicitud de concesión ou autorización do aproveitamento.
- Nos servicios de retribución periódica, percibirase a taxa o día primeiro de cada ano natural.

Artigo 8º. Liquidación

- Cando se trate de servicios puntuais, liquidarase e esixirse a taxa correspondente en calidad de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse o expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.
- Cando se trate de servicios de retribución periódica, liquidarase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou co padrón anual de exacciones municipais.
- Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

Artigo 9º. Ingreso

O pagamento desta taxa realizarase:



**CONCELLO
DE
MEAÑO**

CP 36968
(PONTEVEDRA)

- Nas liquidacións de contraído previo, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior ó inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.
- Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

Artigo 10º. Infraccións e sancións

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 11º. Normas de xestión


- As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realiza-loos aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Antes da autorización ou concesión do aproveitamento, a persoa ou entidade interesada no aproveitamento aboará o importe da taxa en calidade de depósito previo.
- No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar la devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.
- Unha vez autorizada ou concedida a licencia de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.
- Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracions de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó de presentación da mesma, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar na data que se expresa no anexo a esta ordenanza, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.



CONCELLO
DE
MEAÑO
CP 36968
(PONTEVEDRA)



ANEXO

Primeiro. Tarifa.

PARA APLICACION DA ORDENANZA DA TAXA POR OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MERCADORIAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCION, REFUGALLOS, VALADOS, PUNTAIS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIONS ANALOGAS

<u>Concepto</u>	<u>Pesetas</u>
Por metro cadrado de ocupación de terreos de uso público en calquera parte do termino municipal cos elementos descritos e por día (m ² /día)	10 pts.

Segundo. Outras normas especiais de xestión.

Terceiro. Data de aprobación.

DILIXENCIA:

Pónoa eu, Secretaria-Interventora do Ilmo. Concello de Meaño, para facer constar que a imposición e aprobación da presente Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mercadorías, materiais de construcción, refugallos, valados, puntais, asnillas, andamios e outras instalacions análogas, foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria de data 28 de setembro de 1998.

Meaño, 29 de setembro de 1998





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concelldemeano@terra.es • Web: www.concelldemeano.com

Dª Mª TERESA ESCUDERO BARRAL, Secretaria-Interventora do Ilmo. Concello de Meaño (Pontevedra).-

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 14 de abril de 2009, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

“9º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MERCADORIAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, MADEIRA, REFUGALLOS, VALADOS, PUNTAIS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS.

O Sr. Alcalde-Presidente maniféstalles aos membros da Corporación que o Pleno da Corporación en sesión de data 28 de setembro de 1998 acordou a imposición e aprobación da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construcción, madeira, refugallos, valados, puntais, andamios e outras instalacíons análogas, non revisándoa ata a data.

Dado o uso privativo que se está a realizar dos distintos espazos públicos e co ánimo de actualizar esta taxa proponse a súa modificación.

As tarifas que se propoñen foron calculadas de modo que o seu importe non exceda do custe de mercado:

Por metro cadrado de ocupación de terreos de uso público/día:

SOLO URBANO: 0,10 €, SOLO DE NÚCLEO RURAL: 0,06 € e RESTO: 0,03 €

Non producíndose intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos seus membros, acorda:

1º Modifica-lo anexo-tarifa da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construcción, madeira, refugallos, valados, puntais, andamios e outras instalacíons análogas, quedando como segue:

PARA A APLICACIÓN DA ORDENANZA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MERCADORIAS, MATERIAS DE CONSTRUCCIÓN, REFUGALLOS, MADEIRA, VALADOS, PUNTAIS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS:

Concepto

Por metro cadrado de ocupación de terreos de uso público/día:

SOLO URBANO: 0,10 €

SOLO DE NÚCLEO RURAL: 0,06€
RESTO: 0,03€

Data de aprobación:

A presente Modificación que afecta á tarifa da Ordenanza Fiscal Reguladora desta taxa, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data....., entrará en vigor e será de aplicación o día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º Aprobar provisionalmente a modificación dos anexos-tarifas, nos termos sinalados no apartado 1º deste acordo, da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construcción, madeira, refugallos, valados, puntais, andamios e outras instalacións análogas

3º Expoñer ó público o presente acordo mediante edictos publicados no Taboleiro de Anuncios e no Boletín Oficial da Provincia durante trinta días hábiles para os efectos de que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que consideren oportunas, entendéndose definitivamente adoptado este acordo, sen necesidade de novo acordo, de non presentarse reclamacións ao mesmo, ó abeiro do art. 17 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo.”

E para que así conste, e para os efectos de unir ó expediente, expido e asino a presente, coa reserva dos termos que resulten da aprobación definitiva da acta desta sesión, ó abeiro do art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Meaño a catro de maio de dous mil nove.

Visto e Prace
O Alcalde

